



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 19 DE XUÑO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se conceden as Medallas Castelao 2020.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Tomiño dun treito da estrada autonómica PO-344 entre o punto quilométrico 1+690 e o punto quilométrico 2+770.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais para o funcionamento do Servizo de Recepción e traslado de copias e notificacións realizadas polos procuradores que atenden a quenda de oficio, por importe de cento corenta e nove mil euros (149.000,00€).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se declara unha área de rexeneración urbana de interese autonómico (área Rexurbe) no Concello da Coruña.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para a redacción do proxecto que sirva de base para executar actuacións que contribúan a minimizar o risco asociado á área de risco



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

potencial significativo de inundación (ARPSI) do Río Fontecova, situado en Viveiro, por importe de sesenta e nove mil euros (69.000,00 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), e o Club Deportivo Lugo para a realización dun proxecto demostrativo para a renovación da iluminación no campo de fútbol "Anxo Carro" no exercicio 2020, por un importe total de setecentos oitenta e oito mil trescentos dezaioito euros con cincuenta céntimos (788.318,50 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), e o Concello de Mondoñedo para o desenvolvemento do proxecto de recuperación da maquinaria da minicentral hidroeléctrica do río Tronceda no exercicio 2020-2021, por un importe total de vinte e oito mil euros (28.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio entre a Axencia Galega de Innovación (GAIN) e a Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.(PTG, S.A.) para a celebración do Programa de aceleración da comercialización de solucións innovadoras para a loita contra o impacto da covid-19: CONNECT-19 "conectando a innovación cos mercados"; e que contempla unha achega total máxima de cincocentos noventa e cinco mil cincocentos sesenta e nove euros e trinta e un céntimos (595.569,31€).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 1 de outubro de 2015 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Deputación Provincial de Pontevedra en relación coa prestación do servizo de comedor escolar ao centro de educación especial "Pontevedra" de Pontevedra, polo importe máximo de dezanove mil novecentos trinta e seis euros (19.936,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Concello de Pontearreas para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de sesenta e sete mil seiscentos corenta euros (67.640,00€).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo de autorización, recoñecemento e cualificación como museo, o centro Mundo Estrella Galicia (MEGA).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Instituto para a Calidade Turística Española para o desenvolvemento do proxecto corredores peonís seguros do Camiño de Santiago sobre a implementación de medidas de prevención e hixiénico-sanitarias fronte ao SARS-Cov-2 na cadea de valor dos Camiños de Santiago, por importe de cento sesenta e nove mil catrocentos euros (169.400,00€); polo que se autorizan pagos anticipados ata o 100 % da subvención concedida e a exención da obriga de constituír garantía para os pagos anticipados.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación suxeita a regulación harmonizada, para a prestación de servizos de reserva e ocupación de prazas nas unidades de apoio comunitario para enfermos con trastorno mental persistente, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, por un importe de trece millóns douscentos sesenta e seis mil cincocentos trinta e sete euros con sesenta céntimos (13.266.537,60 €), e un valor estimado de trinta e catro millóns oitocentos vinte e catro mil seiscientos sesenta e un euros con vinte céntimos (34.824.661,20€).
- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de fletamento de aeronaves para o transporte aéreo de órganos humanos para transplantes e dos equipos e persoal sanitario encargado da súa extracción para as Áreas Sanitarias de Coruña e Cee e Santiago de Compostela e Barbanza, por importe de dous millóns catrocentos nove mil cento setenta e nove euros con noventa e dous céntimos (2.409.179,92€) e un valor estimado de cinco millóns trescentos mil cento noventa e cinco euros con cincuenta e dous céntimos (5.300.195,52€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social superar a porcentaxe nos pagamentos á conta e anticipados, e adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual na Orde pola que se regulan as axudas económicas para a atención da primeira infancia en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos a través do programa Bono concilia e se procede á súa convocatoria para o curso 2020/2021. Importe total: un millón setecentos corenta e seis mil douscentos cincuenta euros (1.746.250,00€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza á Consellería do Medio Rural para a exención da achega de garantías de conformidade co previsto no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no proxecto de Orde relativa ao réxime de anticipos, modificacións e renuncia en relación ás axudas da Consellería do Medio Rural cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, sen prexuízo do disposto no artigo 63 do Regulamento 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, en canto ao compromiso da administración autonómica como autoridade pública nos termos previstos no número 1 in fine do dito precepto.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do exercicio da acción popular nas Dilixencias Previas, Procedemento Abreviado 238/2020, seguidas ante o Xulgado de Instrución número 3 de Lugo, abertas por razón do falecemento por violencia de xénero de dona Clara Expósito Vilanova.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a nova Axenda de Emprego 2020.
- Informe sobre o proxecto de decreto polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2021.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre o Bono Solidario.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia de diversos materiais de protección e kits de detección rápida de virus, para facer fronte á pandemia da covid-19, por importe de dezaoito millóns oitocentos noventa e oito mil cento tres euros con catro céntimos (18.898.103,04€).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia de diversas subministracións con cargo ao Capítulo VI do orzamento de gasto, para facer fronte á covid-19 nos centros da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, por importe de setenta e catro mil douscentos oitenta e tres euros con cinco céntimos (74.283,05€).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia do primeiro e segundo subministro de produtos farmacéuticos para facer fronte á covid-19 nos centros da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, por importe de sesenta e nove mil oitenta e oito euros con vinte e cinco céntimos (69.088,25€).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da tramitación de emerxencia do expediente de contratación da ampliación da área de urxencias do Hospital Clínico Universitario de Santiago, por un importe aproximado dun millón trescentos trinta mil oitocentos quince euros con catorce céntimos (1.330.815,14€).
- Informe sobre a Fase 1 da reprogramación funcional do Plan Director do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre as medidas de familia, infancia e xuventude do Plan de recuperación social de Galicia 2020.

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Informe sobre os tres primeiros proxectos tractores que impulsará a Xunta no marco do Plan de reactivación da economía galega.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O GRUPO DE MÚSICA TRADICIONAL A RODA, AS ASOCIACIÓNS DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO, PILAR CERNUDA, XOSÉ MANUEL PIÑEIRO E ANA PELETEIRO, GALARDOADOS COA MEDALLA CASTELAO 2020

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se concede esta distinción a aqueles galegos e galegas cuxa obra, en calquera faceta da actividade humana, se considera merecedora do recoñecemento de toda Galicia.

Estas distincións serán entregadas, como cada ano, o vindeiro 28 de xuño.

O GRUPO DE MÚSICA TRADICIONAL GALEGA 'A RODA'

Desde a súa orixe nas tabernas de Vigo nos anos setenta, teñen pasado por innumerables países visitando centros galegos na diáspora. Forman parte xa do patrimonio cultural de Galicia e suman esta medalla a outros recoñecementos, como o Premio da Crítica de Galicia.

ASOCIACIÓNS DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO

Institucións sen ánimo de lucro repartidas por toda a península que, desde hai décadas, colaboran na conservación da Ruta Xacobeana na difusión do seus valores e na atención aos peregrinos.

PILAR CERNUDA

Xornalista compostelana especializada en información política cunha ampla e exitosa traxectoria en numerosos medios de comunicación, nos que segue a colaborar, tanto escritos como audiovisuais.

XOSÉ MANUEL PIÑEIRO

Conductor do programa *Supermartes* da TVG, este comunicador ten demostrado durante décadas a súa profesionalidade ante as cámaras e a súa empatía e boa relación cos espectadores.

ANA PELETEIRO

Esta deportista ribeirense acumula, aos seus 24 anos, medallas e récords. É plusmarquista nacional en triplo salto en todas as categorías de idade a partir de sub-18 e campioa de Europa en pista cuberta na súa especialidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE TOMIÑO DUN TREITO DA ESTRADA PO-344

- *A Xunta dá cumprimento con esta medida ao convenio de colaboración asinado coa Deputación de Pontevedra e o Concello de Tomiño para a construción da variante da localidade*
- *Unha vez en servizo a nova vía, transfírese ao Concello o treito da PO-344 que queda liberado do tráfico interurbano*
- *Con esta transferencia a xestión e conservación deste treito de vía corresponderalle ao Concello de Tomiño*
- *O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Tomiño, do treito da estrada autonómica PO-344 entre o punto quilométrico 1+690 e o 2+770.

A Xunta, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Tomiño asinaron en 2017 o convenio para a mellora da conexión entre a EP-3102 e a PO-344 ao seu paso polo núcleo urbano de Seixo. A actuación tiña por obxecto mellorar a conectividade da estrada provincial (avenida República Arxentina) neste núcleo e reducir o intenso tráfico que rexistraba a estrada autonómica PO-344 (rúa Gondomar), mediante a definición dunha nova estrada que actuase de variante da PO-344 no núcleo urbano do Seixo.

O acordo establecía que, tras a posta en servizo da nova variante de Tomiño, se realizaría o cambio de titularidade do treito da PO-344, que queda liberado do tráfico ao canalizarse a través da nova vía.

A nova vía, de máis de 1,3 quilómetros de lonxitude, está xa en servizo desde decembro de 2019, polo que os servizos competentes da Axencia Galega de Infraestruturas informaron favorablemente a transferencia do treito correspondente da PO-344.

A nova variante proporciona unha saída á avenida da República Arxentina e da estrada provincial que conduce a Pedra cara o leste do núcleo e permitirá a conexión nun futuro da PO-344 coa VAP Tui-A Guarda sen necesidade de atravesar o núcleo urbano.

Ademais, esta vía comunica os equipamentos existentes na EP-3102 co centro de saúde ou o IES de Tomiño, próximos á avenida da República Arxentina.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Cómpre lembrar que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades locais.

Coa transferencia, o concello pontevedrés poderá actuar sobre este treito de estrada da PO-344, que pasa a ser de titularidade municipal, de modo acorde coas súas características, e xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica.

O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia.




INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Proposta de transferencia a prol do Concello de Tomiño do treito intermedio da PO-344, Pks 1+690 ao 2+770, segundo Convenio de colaboración de data 04/08/2017.

- Eixo viario da PO-344 a transferirle ao Concello de Tomiño
- PK (punto quilométrico)
- Planta da obra da Variante do Seixo
- Eixo viario da EP-3102
- Eixo autonómico
- Fito quilométrico autonómico



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA COLABORA COS PROCURADORES DO TURNO DE OFICIO PARA CONTRIBUÍR AO BO FUNCIONAMENTO DO SERVIZO

- *A Asistencia Xurídica Gratuíta está considerada polo Goberno galego como un servizo fundamental para garantir o acceso á xustiza a todos os cidadáns en igualdade de condicións*
- *A Xunta considera que o papel dos procuradores da quenda de oficio é imprescindible para acadar este obxectivo*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto bo ao convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Xunta e o Consello galego dos procuradores dos tribunais para contribuír aos gastos de funcionamento do servizo levado a cabo polos procuradores que atenden á quenda de oficio, por un importe de 149.000 euros.

A Asistencia Xurídica Gratuíta está considerada polo Goberno galego como un servizo fundamental para garantir o acceso á xustiza a todos os cidadáns en igualdade de condicións. Por iso, o papel dos procuradores da quenda de oficio é imprescindible para acadar este obxectivo.

As excepcionais circunstancias que está a vivir a sociedade na actualidade motivada pola pandemia da covid-19 está a provocar graves consecuencias sociais e económicas que requiren a adopción urxente de medidas, tamén excepcionais, que palien en certa medida o impacto social e económico causado por esta crise sanitaria.

Polo tanto, o Goberno galego aproba este convenio de colaboración con estes profesionais para contribuír ao mantemento e sustentabilidade da actividade de servizo público básico e esencial, cuxa prestación viuse seriamente afectada como consecuencia da paralización case total da actividade xudicial durante o Estado de Alarma declarado o 14 de marzo de 2020.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA DECLARA A ÁREA REXURBE DA CORUÑA, QUE COMPRENDE A AMÉNDOA CENTRAL DA CIDADE VELLA E O EIXO ORZÁN-PANADEIRAS

- *No ámbito desta Área Rexurbe existen 73 inmobles con deficiencias, ademais de espazos públicos necesitados de melloras*
- *Trátase da primeira Área Rexurbe que se declara nunha cidade galega e a segunda de toda Galicia, despois da de Mondoñedo, que foi aprobada no pasado mes de febreiro*
- *Tamén se atopa en tramitación a Área Rexurbe de Ribadavia*

O Consello da Xunta de Galicia declarou, na súa reunión desta mañá, a Área Rexurbe da Coruña, a través da cal se realizarán actuacións públicas e privadas dirixidas á mellora dos inmobles existentes e dos espazos públicos xunto con medidas sociais, ambientais e económicas dirixidas á mellora das condicións de vida, a creación de riqueza e postos de traballo e a dinamización demográfica.

A Área Rexurbe é unha nova figura creada pola Lei de rehabilitación e rexeneración e renovación urbanas de Galicia, aprobada en 2019, que vai máis alá das tradicionais áreas de rehabilitación integral, xa que ademais da rehabilitación edificatoria inclúe medidas de dinamización social, demográfica e económica.

A da Coruña é a primeira Área Rexurbe que se declara nunha cidade galega e a segunda en toda Galicia, despois da de Mondoñedo, declarada no pasado mes de febreiro.

A Área Rexurbe da Coruña incluírá dous ámbitos dentro do conxunto histórico:

- Améndoa central da Cidade Vella
- Eixo Orzán-Panadeiras

A superficie total da área é de 0,08 quilómetros cadrados, existindo na mesma, segundo a memoria presentada polo Concello, 519 edificios cun total de 2.188 vivendas. Dese total existen 73 edificios que se atopan en estado deficiente, malo ou ruinoso.

A través desta nova figura, o Concello da Coruña pretende realizar actuacións de rehabilitación e mellora de edificacións e trama urbana, que incidirán sobre a situación económica e social dos ámbitos da Área Rexurbe e de toda a Cidade Histórica da Coruña, na que se insiren as dúas zonas incluídas na área.

Unha vez realizada a declaración da Área Rexurbe a Coruña, o Concello deberá redactar un plan de dinamización da mesma, na que se indiquen as medidas a adoptar e actuacións que se deben levar a cabo, o custe estimado das mesmas e as fontes de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

financiamento, público e privado, para levalas a cabo. No caso da Xunta de Galicia, o financiamento procederá de diversos departamentos, xa que as actuacións nunha Área Rexurbe son transversais e afectan a competencias de diversos departamentos.

Para a redacción do plan de dinamización o concello conta cun modelo elaborado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), segundo o establecido na lei de rehabilitación. Para a redacción deste modelo de plan de dinamización o organismo público contou coa colaboración, a través dun convenio, da Universidade de Santiago de Compostela e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

O plan de dinamización que redacte o Concello da Coruña será sometido a consultas cos organismos incluídos no mesmo antes de sometelo á aprobación do Consello da Xunta de Galicia, aprobación que facilitará o inicio de actuacións na Área Rexurbe coruñesa.

Programa Rexurbe

Por outra parte, dentro do programa Rexurbe o Instituto Galego da Vivenda e Solo pretende adquirir este ano inmobles para rehabilitar na zona do eixo Orzán-Panadeiras, destinando a tal fin un millón de euros.

O programa Rexurbe consiste en actuacións directas do IGVS, que adquire e rehabilita inmobles de vivendas en conxuntos históricos degradados, como é o caso da Coruña. Ata o momento adquiríronse inmobles nos conxuntos históricos de Ferrol, Betanzos, Lugo, Ourense, Ribadavia e Tui.

En 2020 a oferta pública de adquisición de inmobles do programa Rexurbe céntrase nas tres localidades que contan con área Rexurbe declarada (Mondoñedo e A Coruña) ou en tramitación (Ribadavia). O importe total da oferta pública é de 1,5 millóns de euros.

Os propietarios de inmobles emprazados no ámbito previsto para a adquisición e que estean interesados en ofrecelos ao IGVS dispoñen de prazo ata o 25 de agosto para presentar as súas ofertas.





XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Aposta da Xunta pola rehabilitación

Tanto a declaración da nova Área Rexurbe da Coruña como a oferta pública de adquisición de inmobles no eixo Orzán-Panaderas enmárcanse na política de rehabilitación da Xunta de Galicia, instrumentada tanto a través de actuacións directas do Instituto Galego da Vivenda e Solo como de axudas a particulares, comunidades de propietarios e concellos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VIVEIRO E A DEPUTACIÓN DE LUGO PARA DEFINIR AS ACTUACIÓNS QUE MINIMICEN O RISCO DE ASOLAGAMENTO EN XUNQUEIRA

- *As tres administracións cofinanciarán a partes iguais os 69.000€ necesarios para a redacción do proxecto destinado a naturalizar o cauce do río Fontecova ao seu paso polo núcleo de Xunqueira*
- *A Xunta, a través de Augas de Galicia, será a responsable de contratar e redactar ese proxecto*
- *O obxectivo deste acordo é apoiar ao Concello de Viveiro na adopción das medidas precisas para protexer a poboación de Xunqueira ante episodios de enchentes como o que provocou a morte dunha veciña en novembro de 2018*
- *A redacción dos proxectos concretará as actuacións definidas no plan específico elaborado pola Xunta para Xunqueira, catalogada como zona con risco potencial significativo de inundación*
- *Entre as actuacións previstas está a ampliación do cauce do río, a adecuación das infraestruturas de paso, o reforzo de cimentacións danadas de construcións e a reconstrución da fonte da Xunqueira*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Viveiro e coa Deputación Provincial de Lugo para definir as actuacións necesarias para minimizar o risco de asolagamento no núcleo de Xunqueira. As tres administracións cofinanciarán a partes iguais o investimento de 69.000 euros previsto para este fin.

Trátase de redactar o proxecto construtivo que sirva de base para executar as actuacións que contribúan a minimizar o risco asociado á área de risco potencial significativo de inundación do río Fontecova, situado en Viveiro. Desta forma, a Xunta prestará apoio ao Concello de Viveiro na adopción das medidas necesarias para protexer á poboación de Xunqueira ante os episodios de enchentes, como o que provocou a morte dunha veciña en novembro de 2018.

A Xunta, a través de Augas de Galicia, será a responsable de contratar e redactar ese proxecto. O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata finais do vindeiro ano 2021.

A Xunta, a través de Augas de Galicia elaborou un plan de xestión específico para Xunqueira, que forma parte da área con risco potencial significativo de inundación do río Fontecova, no que se analizaron diferentes opcións de actuación, todas elas destinadas a naturalizar o cauce.

Agora a Xunta, o Concello de Viveiro e a Deputación Provincial avanzarán na definición das actuacións concretas para minimizar o risco en Xunqueira. Así, no proxecto

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

construtivo de actuacións incluírase o necesario aumento e naturalización da conca do río ao seu paso polo núcleo de Xunqueira e a adecuación dalgunhas das infraestruturas de paso existentes. Tamén se proxectará o reforzo de cimentacións danadas de construcións existentes e a reconstrución da fonte localizada no entorno do núcleo de Xunqueira.

Avaliación de riscos permanente

A Xunta, a través de Augas de Galicia redacta, e revisa cada seis anos, o risco de inundación da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa, en colaboración coas autoridades de Protección Civil e a Administración xeral do Estado.

Unha vez que se identifica e declarada unha zona como área de risco potencial significativo de inundación, cómpre desenvolver mapas de perigosidade e risco de inundación e establecer as medidas que debe realizar por cada autoridade competente para minimizar os efectos negativos das enchentes.

Nas áreas de maior risco recóllese a necesidade de redactar un Plan específico de xestión, no que se traballa a nivel de detalle para tratar de minimizar os perigos e incrementar a calidade ambiental das contornas fluviais, como fixo a Xunta recentemente no caso de Xunqueira.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA COLABORARÁ CO CLUB DEPORTIVO LUGO NA MELLORA DA ILUMINACIÓN E DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ESTADIO ANXO CARRO

- *A Administración galega aproba un convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Inega, e o Club Deportivo Lugo ao que destina 472.991,11 euros*
- *A actuación contribuirá a facer desta iniciativa un exemplo de eficiencia, dando a coñecer as novas tecnoloxías de iluminación led con altos rendementos lumínicos, co obxectivo de analizar a posibilidade de repetir a experiencia noutros campos de fútbol galegos*
- *Permitirá un aforro económico anual de 26.000 euros e evitará a emisión de 46 toneladas de CO2 ao ano, equivalente á acción de 2.300 árbores*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, deu luz verde a un convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Inega, e o Club Deportivo Lugo para a realización dun proxecto demostrativo de renovación da iluminación no campo de fútbol Anxo Carro, ao que destinará un total de 472.991,11 euros.

O convenio ten como obxectivos mellorar a iluminación deportiva do campo de fútbol, reforzar a infraestrutura eléctrica para mellorar a fiabilidade e a seguridade da subministración e mellorar a eficiencia enerxética das instalacións de iluminación do estadio. Para conseguilo procederase á renovación da iluminación, con novas fontes de luz de alta eficiencia con tecnoloxía LED -tanto no terreo de xogo como nas gradás-, renovación da infraestrutura eléctrica (cadros eléctricos de baixa tensión, cadros de iluminación e renovación de cableados e canalizacións); e implantación dun sistema de telexestión. Deste xeito, lograse un aforro enerxético do 60% no caso do campo e do 54% nas gradás, un aforro total de 137.640 kWh/ano, así como aforros económicos de 26.000 euros ao ano e evitará a emisión de 46 toneladas de CO2 ao ano, equivalente á acción de 2300 árbores.

Esta iniciativa utilizará novas tecnoloxías de iluminación led con altos rendementos lumínicos e permitirá avaliar técnica e economicamente os equipos instalados. Así, vanse monitorizar os parámetros eléctricos e lumínicos, a vida útil dos equipos, as incidencias e avarías ou o consumo enerxético, para estudar a posibilidade de repetir a futuro noutros campos de fútbol galegos.

A actuación permitirá a redución do consumo enerxético, así como mellorar a eficiencia enerxética das instalacións eléctricas e de iluminación deste campo de fútbol coa correspondente mellora ambiental. O convenio, vixente ata finais deste ano, enmárcase dentro das políticas da Xunta de Galicia de apoio tanto á eficiencia enerxética como ao uso de enerxías renovables.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA IMPULSA EN MONDOÑEDO UN PROXECTO DE RECUPERACIÓN DA MINICENTRAL HIDROELÉCTRICA DO RÍO TRONCEDA PARA CONVERTELA EN CENTRO DE INTERPRETACIÓN

- *A Administración autonómica aproba un convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Inega, e o Concello de Mondoñedo, ao que destina 28.000 euros*
- *Esta actuación contribuirá á mellora social e económica da zona, convertendo esta instalación industrial de principios do século pasado nun atractivo turístico máis da zona e, polo tanto, de toda a veciñanza de Mondoñedo e os seus visitantes*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, acordou aprobar un convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Inega, e o Concello de Mondoñedo para o desenvolvemento dun proxecto de recuperación das instalacións electromecánicas da minicentral hidroeléctrica do río Tronceda e acometer, deste xeito, a súa musealización, converténdoo nun centro de interpretación.

A Xunta destinará a esta actuación un total de 28.000 euros. Os traballos a realizar consistirán na restauración e recuperación da maquinaria orixinalmente existente na antiga minicentral hidroeléctrica (tanto eléctrica como mecánica); ademais da adquisición de maquinaria e equipos de iguais características aos orixinais ou traslado doutra maquinaria a esta minicentral; fabricación de cadros eléctricos, iguais aos orixinais; e ambientación con elementos da época, deixándoa totalmente instalada e posta en funcionamento para demostracións. A actuación contribúe, polo tanto, á recuperación do Patrimonio Histórico Industrial de Galicia, xa que se trata dunhas instalacións de 1906 abandonadas.

Con este proxecto perséguese dous obxectivos. Por unha parte, promover a cultura do aforro e da eficiencia enerxética, e por outra, incrementar o interese social e económico de Mondoñedo, ao converter esta instalación nun atractivo turístico máis da zona e, polo tanto, de toda a veciñanza e das persoas que o visiten.

O convenio, que estará vixente ata o 30 de decembro de 2021, enmárcase nas políticas da Xunta de apoio á eficiencia enerxética, ás enerxías renovables, e á investigación, estudo e apoio de actuacións que contribúan ao seu coñecemento.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**GALICIA PON EN MARCHA A NOVA AXENDA DE EMPREGO PARA DAR
RESPOSTA AOS RETOS LABORAIS DO ACTUAL CONTEXTO ECONÓMICO**

- *A Xunta prevé mobilizar máis de 225 millóns de euros a través de 30 medidas das que se beneficiarán máis de 65.000 galegos e galegas*
- *O obxectivo desta nova folla de ruta autonómica, en consonancia coas directrices marcadas no Plan de reactivación económica, é recuperar no menor prazo posible o emprego destruído desde mediados de marzo e restaurar a senda de crecemento no mercado laboral galego*
- *Establece cinco eixes de actuación centrados na transición cara ao novo contexto laboral, a recuperación da confianza e a seguridade, a formación para o emprego, o impulso do emprego autónomo e a modernización das oficinas de emprego*
- *Entre as novas iniciativas destaca o Cheque Autónomo Seguimos Adiante, con axudas directas aos traballadores por conta propia para custos do envío de produtos a domicilio e para facer fronte aos gastos do día a día*

O Consello da Xunta avaliou, na súa reunión desta mañá, a nova Axenda de Emprego, unha iniciativa que xorde da necesidade de levar a cabo unha rápida redefinición da estratexia autonómica en materia laboral para dar así resposta aos efectos da crise sanitaria da covid-19 sobre a economía e o emprego. Deste xeito, contribúese a afrontar con máis garantías os retos do novo escenario. En consonancia coas directrices marcadas no Plan de reactivación económica, conta cun orzamento de 196,7M€, prevé mobilizar máis de 225 millóns de euros a través de 30 medidas das que se beneficiarán máis de 65.000 galegos e galegas.

O obxectivo da nova folla de ruta é recuperar no menor tempo posible o emprego destruído desde mediados do mes de marzo e restaurar a senda de crecemento que se vivía en Galicia antes da covid-19, xa que desde a posta en marcha da anterior Axenda 20 se reduciu a taxa do paro en seis puntos, se crearan 63.500 novos empregos, se lograran ou se converteran en indefinidos 50.000 contratos e se superara a barreira do millón de afiliados á Seguridade Social.

A nova Axenda trata de responder de xeito eficaz e sen demora ao actual escenario laboral marcado polas medidas de distanciamento social e control de aforos, permanentes medidas de prevención, adaptación das contornas de traballo e instalacións, continua variabilidade do marco normativo e incerteza ante a posibilidade de rebrotes ou suspensión de actividade achegando iniciativas nas que empresas, autónomos e traballadores se poidan desenvolver laboralmente con confianza e seguridade.

Os principais retos aos que se debe enfrontar o mercado laboral actual son impulsar unha transformación tecnolóxica nas empresas, facilitar a convivencia das diferentes formas de traballo –presencial e teletraballo– garantindo a seguridade tecnolóxica,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

protexer aos grupos de risco sanitario no traballo e mellorar o acceso dos traballadores e usuarios ao servizo de emprego da Administración autonómica.

Deste xeito, inclúe un total de 30 medidas -tanto de choque como de reactivación e de transformación económica, con algunhas delas xa postas en marcha durante o estado de alarma en consenso cos axentes económicos e sociais- que se enmarcan en cinco eixos de actuación.

O primeiro deles está centrado na transición cara o novo contexto laboral e inclúe iniciativas como o apoio á contratación de persoal técnico en organismos intermedios para o asesoramento a empresas en relación á covid-19 ou o impulso do teletraballo. Dentro deste eixo destaca, por exemplo, o anticipo das prestacións derivadas de expedientes de regulación temporal de emprego (Erte) que se adoptou durante o estado de alarma como medida de choque, e que tamén se suma a outras medidas xa recollidas no Plan de reactivación económica, como os 8 millóns de euros en axudas complementarias a persoas incluídas en Erte por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción e a persoas traballadoras a partir de 55 anos afectadas pola extinción de contrato.

O segundo eixo busca a recuperación da confianza e da seguridade laboral a través de guías e asesoramento en seguridade e saúde laboral, entre outras iniciativas. Mentres que o terceiro dá prioridade á formación para o emprego e inclúe novas actuacións como o campus de emprego –ao que se destinan 33M€ para realizar obradoiros vencellados a contratos laborais e programas de inserción laboral–, un plan de recualificación de parados de longa duración para maiores de 45 anos, a especialización dos centros de formación da Xunta en sectores estratéxicos e por territorios, ou o fomento de aulas virtuais e competencias dixitais. A maiores, recolle medidas xa desenvolvidas nos últimos anos e que se axustan ás necesidades actuais das empresas, como é o caso das Unidades Formativas, para ofrecer unha formación á medida do que precisa o tecido empresarial de sectores estratéxicos como a automoción, o naval e o forestal, prestando especial atención ás competencias dixitais e ao ámbito TIC.

O impulso ao emprego autónomo protagoniza o cuarto eixe xa que se trata dun colectivo cun gran peso na economía e no mercado laboral galego. Por iso, ademais das liñas que xa estaban deseñadas dentro do Estratexia do Autónomo 2020, reforzaranse as medidas con novas actuacións como o Cheque Autónomo Seguimos Adiante, unha liña á que se destinan 16 millóns de euros e que beneficiará a 35.000 autónomos con axudas para o envío de produtos ao domicilio dos consumidores e para impulsar tanto o comercio en liña como apoiar os gastos en seguridade, subministracións e telecomunicacións.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Por último, o quinto eixe terá como finalidade modernizar as oficinas de emprego, sobre todo a través da aceleración da súa transformación tecnolóxica, para que calquera tramitación se poida realizar en liña.

Con este conxunto de medidas, a Xunta confía en dar resposta ás necesidades dos traballadores, dos autónomos e das empresas galegas a medida que evolucione a situación actual e apoialas para facilitar a transición cara a un novo contexto laboral poscovid-19. Ademais, as iniciativas recollidas na nova Axenda contribuirán a recuperar a confianza do mercado laboral para consolidar a senda do emprego de calidade nunha Galicia competitiva.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

EDUCACIÓN ACHEGA PRETO DE 68.000 EUROS AO CONCELLO DE PONTEAREAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR A 95 USUARIOS

- *A Consellería tamén renovará o convenio coa Deputación de Pontevedra, para o servizo de comedor ao CEE “Pontevedra” por un importe de 20.000 euros, para o vindeiro curso escolar*

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional renovará o convenio de colaboración asinado co Concello de Ponteareas para a prestación do servizo de comedor escolar a 95 usuarios, por un importe de 67.640 euros para os dous vindeiros cursos 2020/21 e 2021/22, tal e como autorizou hoxe o Consello da Xunta.

A través destas accións a Xunta de Galicia favorece a conciliación da vida escolar e familiar e reforza o seu apoio a este Concello que decidiu facerse cargo da xestión deste servizo complementario. En concreto, o acordo refírese ao CEIP Fermín Bouza Brey, con 95 usuarios, que mantén as mesmas prazas que no anterior convenio.

No marco deste convenio de colaboración, a Consellería subvencionará os menús dos comensais durante todo o curso escolar. Pola súa banda, o Concello de Ponteareas comprométese á contratación da elaboración e servizo dos menús escolares, así como ao coidado e asistencia do alumnado durante as comidas.

CEE “Pontevedra”

Así mesmo, o Consello da Xunta autorizou a sinatura dunha addenda coa Deputación Provincial de Pontevedra para a renovación do convenio para a prestación do servizo de comedor escolar no Centro de Educación Especial “Pontevedra”, o vindeiro curso escolar por un importe de case 20.000 euros.

Ao abeiro desta colaboración, a Deputación de Pontevedra comprométese a facilitar ao alumnado con discapacidade a utilización do comedor escolar, asumindo a súa atención e coidado durante o período comprendido entre o fin das clases e o remate do servizo de comedor. Cómpre salientar o carácter didáctico que supón un comedor escolar para este alumnado, no referido á aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

Colaboración con Concellos, anpas e entidades

A día de hoxe a Consellería de Educación mantén convenios de colaboración con 15 concellos de Galicia, a través dos cales financia os menús de 4.705 usuarios de 52 centros públicos. A maiores tamén destina axudas a Anpas para a xestión de 162 comedores que suman outras 12.311 prazas. Non obstante, a meirande parte dos



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

comedores escolares en Galicia están xestionados por parte da propia Consellería, cun total de 434 que atenden 62.097 usuarios.

No que atinxe ao apoio ao alumnado con necesidades especiais de atención educativa, a Consellería mantén acordos de colaboración cun total de 15 entidades para contribuír ao financiamento da prestación do servizo de comedor adaptado durante o curso 2020/2021, que beneficia a 518 alumnas e alumnos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA RECOÑECE COMO MUSEO MUNDO ESTRELLA GALICIA, UN CENTRO PIONEIRO NO EIDO DO PATRIMONIO ASOCIADO Á INDUSTRIA CERVEXEIRA

- *O MEGA conta con todos os requirimentos técnicos e dotacionais requiridos para o seu recoñecemento como museo de ámbito autonómico*
- *A través da exposición dunha escolma das máis de 10.000 salvagardadas, este museo configúrase como o referente no eido da divulgación da historia da industria da cervexa no conxunto de Estado*
- *O MEGA amplía e consolida a oferta museística da Coruña e constitúese como novo recurso turístico e visita obrigada para todos os amantes da cervexa*

O Consello da Xunta, de conformidade co disposto nos artigos 111 e 113 da Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia, aprobou hoxe recoñecer, autorizar e cualificar como museo o centro Mundo Estrella Galicia (MEGA), ao reunir todas as condicións e requisitos técnicos e dotacionais necesarios para acadar tal consideración. O MEGA pasa así a formar parte do Sistema Galego de Museos, que se ve enriquecido cunha institución pioneira que contribúe a pór en valor fondos do patrimonio industrial únicos relacionados coa industria da cervexa, tanto no que se refire á súa historia como á súa elaboración.

A Xunta de Galicia recoñece con este acordo unha iniciativa singular, tanto no ámbito galego como estatal, para a divulgación de máis de 10.000 pezas dos séculos XIX, XX e XXI, entre fondos museográficos e documentais, pertencentes ao patrimonio do sector da cervexa. Un herdo ligado á evolución dunha empresa familiar enraizada na Coruña que actualmente goza dunha presenza e distribución global. O MEGA amplía e consolida a oferta museística da Coruña e constitúese como novo recurso turístico e visita obrigada para todos os amantes da cervexa

Museo integrado na fábrica

Mundo Estrella Galicia, que foi creado co propósito de difundir o proceso de elaboración, produción e distribución dos produtos da marca, transmite de forma didáctica e atractiva para o visitante, a historia e a cultura da elaboración da cervexa, as materias primas, tipos de envases, etiquetas ou formas de degustación, entre outros aspectos, e ten como particularidade estar integrado na propia fábrica e permitir o coñecemento directo do proceso industrial de envasado.

O discurso expositivo está estruturado en oito seccións que, partindo da orixe da elaboración da cervexa e da historia da familia Rivera, van introducindo ao visitante nas materias primas que se utilizan para a fabricación da cervexa, o proceso de elaboración, envasado e distribución, para rematar no espazo de degustación e cata cervexeira. Como complemento existe un área para a realización de eventos, un pequeno auditorio cun aforo de 50 persoas e unha tenda con material promocional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Novo referente museístico

O MEGA está dotado cun sistema de documentación cun proceso de inventario e rexistro e de xestión da información co que se identifica e describen o conxunto de pezas, que

constitúen testemuñas do patrimonio industrial e documental ás que se aplican criterios de conservación. Conta, así mesmo, cun inventario dos seus fondos accesible para a investigación e o público en xeral por medio da súa exposición permanente. Ademais, está dotado con áreas específicas de almacenamento para garantir a conservación e seguridade das coleccións.

Consecuentemente, trátase dunha institución museística que conserva, documenta e realiza unha exposición ordenada das súas coleccións e cun discurso e guión expositivo realizado con criterios científicos e didácticos que reúne importantes mostras de patrimonio industrial ligado á elaboración da cervexa na fábrica de Estrella Galicia. Para a comunidade local constitúe un punto de referencia, por unha banda, para a investigación e difusión da historia dunha industria emblemática da Coruña que, máis aló da súa relevancia industrial, se converteu nun referente da identidade e cultura galega.

O proxecto museístico iniciouse no ano 2012 e as obras e a execución da museografía comezaron no ano 2015, culminando coa inauguración e apertura ao público do MEGA o 19 de xuño de 2019. Esta data fai referencia ao ano da creación da marca en 1906 por José María Rivera Corral e a apertura da primeira fábrica. Trátase dunha institución de moi recente creación polo que o seu percorrido cara o público acaba de comezar, condicionado, agora, polas circunstancias derivadas da epidemia covid-19.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O PROGRAMA 'CAMIÑO SEGURO' AVALIARÁ OS SERVIZOS PÚBLICOS NA RUTA XACOBEO PARA FACILITAR A REACTIVACIÓN DA PEREGRINACIÓN

- *O Consello dá luz verde ao convenio de colaboración co Instituto para la Calidad Turística Española (ICTE) que avanza no desenvolvemento deste programa*
- *Inclúe a análise das rutas xacobeas, espazos públicos singulares, servizos ofrecidos aos peregrinos e establecementos públicos de aloxamento*
- *A Xunta ofrece 500 prazas de formación gratuíta para albergueiros en materia de seguridade sanitaria co obxectivo de facilitar o proceso de reapertura*
- *Contarase cun manual que oriente as accións dos xestores e traballase nunha plataforma tecnolóxica que permita facilitar as reservas nos albergues*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre o Goberno galego e o Instituto para la Calidad Turística Española (ICTE) que permitirá afondar na seguridade dos peregrinos que percorren o Camiño de Santiago e seguir impulsando a imaxe de Galicia como destino de confianza. Trátase dun acordo dotado con 170.000 euros enmarcado no programa *Camiño Seguro*, a folla de ruta posta en marcha pola Administración autonómica co fin de reactivar a peregrinación cara a Compostela de xeito coordinado e progresivo, colaborando cos organismos xestores e axentes presentes na Ruta Xacobeo.

Así, este novo acordo permitirá desenvolver corredores seguros no ámbito do Camiño de Santiago elaborando un manual con recomendacións que axuden a mellorar os procesos de contención dos riscos de contaxio co obxectivo de conseguir un nivel de seguridade axeitado. Trátase dunha colaboración que tamén permitirá contar cun protocolo integral de actuación nos itinerarios, agrupando nun único documento medidas e recomendacións nos diferentes servizos e infraestruturas que o peregrino atopa ao longo do Camiño.

Catro ámbitos de actuación

Este documento, desenvolvido polo ICTE a iniciativa de Galicia, xa foi posto a disposición do resto das comunidades autónomas polas que pasa o Camiño a través do Consejo Xacobeo. Divídese en catro ámbitos de actuación: rutas, espazos, servizos e albergues. No caso do primeiro analízanse as zonas de risco nos trazados oficiais, mentres que no segundo identifícanse os distintos espazos singulares que interfíren na contorna da ruta.

Así mesmo, estúdanse as prevencións necesarias nos servizos públicos ao peregrino como oficinas de información, áreas de descanso ou baños públicos. Por último, os aloxamentos públicos do Camiño, que abrirán de xeito gradual a partir do 1 de xullo en función da oferta de prazas de aloxamento en cada concello, contarán cun plan de continxencia específico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Os principais obxectivos destas actuacións postas en marcha entre a Consellería de Cultura e Turismo e o ICTE son garantir a seguridade do peregrino no seu paso por Galicia e ofrecer unha experiencia de calidade e sustentable, así como impulsar un destino seguro.

O programa *Camiño Seguro* contempla, ademais do protocolo elaborado polo ICTE, un programa de formación en materia de seguridade hixiénico-sanitaria dirixido a traballadores de albergues, que comezaron a impartirse onte cunha oferta inicial de 500 prazas.

Convocatoria de axudas

Ademais, os establecementos da Ruta Xacobeá tamén poderán acceder a convocatoria de axudas dotada con 6 millóns de euros posta en marcha polo Goberno galego para que o sector turístico e da restauración poida adaptar os seus negocios a actual situación derivada da crise sanitaria. Teñen tamén a súa disposición o servizo de asesoramento a través do teléfono gratuito 900 815 334 e o correo electrónico a info-galiciadestinoseguro@xunta.gal, para resolver dúbidas de seguridade sanitaria.

Como complemento a estas actuacións, a Administración autonómica tamén traballa no desenvolvemento de plataformas tecnolóxicas que permitan facilitar as reservas nos albergues, informando das prazas dispoñibles, unha opción que non existía ata agora e que permitirá que os peregrinos poidan contar con antelación dunha praza para pernoitar.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O SERGAS INCREMENTARÁ EN 107 O NÚMERO DE PRAZAS PARA ATENDER AOS ENFERMOS CON TRASTORNO MENTAL PERSISTENTE NAS UNIDADES DE APOIO COMUNITARIO

- *Con este incremento, o número de prazas nestas unidades pasan de 1.202 a 1.309*
- *Para levar a cabo este incremento, o Sergas investirá, no periodo 2020-2022, un total de 13,2 millóns de euros*
- *Trátase da atención a estes pacientes ben nos centros de rehabilitación psicosocial e laboral, nos pisos protexidos e en unidades residenciais*

O Servizo Galego de Saúde licitará, por un importe de 13.266.537 euros no período 2020-2022, a prestación de servizos de reserva e ocupación de prazas nas unidades de apoio comunitario para enfermos con trastorno mental persistente. Os máis de 13 millóns repártense nos 2,2 no que resta do presente ano, 6,6 no vindeiro, e 4,4 ata o 31 de agosto de 2022. O valor estimado do contrato ascende a 34,8 millóns de euros coas posibles prórrogas, por tres anos máis, que poden superar os 20 millóns.

Con este investimento, o departamento sanitario galego aumenta en 107 o número de prazas ofertadas para atención a estes pacientes, que pasa de 1.202 a 1.309, nos distintos dispositivos como son os centros de rehabilitación psicosocial e laboral, os pisos protexidos, e as unidades residenciais. O incremento de prazas será de 17 en unidades residenciais, 30 nos pisos protexidos e 60 nos centros de rehabilitación.

Integración na comunidade

A rehabilitación psiquiátrica constitúe un proceso onde a meta é axudar ás persoas que padecen un trastorno mental grave para lograr a súa integración na comunidade e mellorar o seu funcionamento psicosocial de modo que lles permita manter, na súa contorna social e familiar, unhas condicións o máis normalizadas e independentes que sexa posible.

Os procesos de rehabilitación psiquiátrica dirixidos a persoas con trastorno mental severo realízanse no ámbito comunitario nos dispositivos de apoio complementario, nos que se levan a cabo programas de rehabilitación psicosocial a persoas con enfermidade mental grave, de xeito residencial, e en réxime diurno, dependendo do seu grao de autonomía.

A derivación a estas unidades realízase dende os servizos de psiquiatría e saúde mental do Sergas, unha vez determinadas as necesidades sociais e de apoio por parte do equipo multidisciplinar responsable do paciente. O adecuado funcionamento destas unidades resulta imprescindible para a continuidade asistencial e a intervención comunitaria en trastorno mental grave, beneficiándose dos mesmos na actualidade 1.202 persoas (114 en unidades residenciais, 904 en centros de rehabilitación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

psicosocial e laboral e 184 en pisos protexidos), prazas que agoran incrementaranse en 107.

Funcións dos dispositivos

Os centros de rehabilitación psicosocial e laboral prestan unha atención diurna, globalizadora e interdisciplinaria dirixida aos enfermos con trastornos mentais e aos seus familiares, coa finalidade de rehabilitación e integración social dos usuarios, facilitando o desenvolvemento persoal aproveitando as súas capacidades e potencialidades, cun adestramento para a adquisición de habilidades esenciais no ámbito das rutinas básicas que posibiliten o desempeño dunha actividade laboral.

Os pisos protexidos, son fórmulas de aloxamento alternativo previstas para aqueles doentes con trastorno mental persistente con autonomía de conduta sen posibilidade de convivencia familiar, e que requiren de axuda psicosocial para o seu desenvolvemento, procurando habilidades da vida diaria que posibiliten unha maior autonomía funcional, así como a adquisición de habilidades sociais que permitan unha maior integración na sociedade.

Polo que atinxe ás unidades residenciais, son dispositivos de apoio comunitario destinados a aloxar pacientes que non precisen coidados sanitarios específicos pero que presentan carencias de autonomía que requiren dunha atención sociosanitaria continuada de carácter tutelar.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

SANIDADE DESTINA MÁIS DE 5 MILLÓNS DE EUROS AO TRANSPORTE AÉREO DE ÓRGANOS PARA TRANSPLANTES

- *Este novo expediente recolle un aumento dun 42% no número de voos respecto á contratación anterior, pasando de 60 a 85*
- *O Sergas disporá permanentemente dunha aeronave e persoal de voo para o transporte de órganos para transplantes dende outras comunidades autónomas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación do servizo de fletamento de aeronaves para o transporte aéreo de órganos para transplantes, así como dos equipos e persoal sanitarios encargado da súa extracción, para as Áreas sanitarias da Coruña e Cee, e Santiago de Compostela e Barbanza. O valor estimado desta contratación é de 5.300.195,92 euros, por un período de dous anos e que podería prorrogarse por outros dous máis.

Este novo expediente recolle un importante incremento no número de voos anuais previstos respecto da contratación anterior, cun aumento do 42%, debido ao aumento da actividade cirúrxica en transplantes. Así, na Área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza pasárase de 4 a 23 voos, mentres que na Área Sanitaria da Coruña e Cee pasárase de 56 voos a 62.

Con esta contratación, ademais de garantir unha prestación do servizo de transporte aéreo en condicións de seguridade e calidade, asegúrase unha dispoñibilidade axeitada e eficiente dos recursos. De feito, o contrato contempla que o Servizo Galego de Saúde disporá permanentemente dunha aeronave e persoal de voo para o transporte de órganos que, procedentes doutras comunidades autónomas, vaian ser transplantados en Galicia.

Solidariedade dos doantes galegos

Desde a Consellería de Sanidade quérese destacar a xenerosidade dos doantes e das súas familias, que permitiron que, no pasado ano, acadáranse os mellores resultados tanto de doazón como de transplante desde o inicio do programa de transplantes en Galicia no ano 1981.

No pasado exercicio, rexistráronse 136 doantes de órganos e un total de 354 transplantes. Neste sentido, resulta especialmente salientable o mínimo histórico no índice de negativas familiares á doazón, cun 13,4%, porcentaxe que mesmo se atopa por debaixo da media estatal.

Ata o pasado 13 de marzo, a evolución da actividade de transplante en Galicia experimentou un forte crecemento do 22% con respecto ao ano anterior, evolución que, tras a declaración do estado de alarma por mor da pandemia da covid-19, viuse ralentizada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Aínda así, cómpre salientar que, malia isto, desde mediados de marzo, leváronse a cabo en Galicia 38 transplantes de órganos, garantindo que os doentes máis sensibles puideran someterse ás intervencións precisas para salvar as súas vidas. Así mesmo, no que vai de ano, 44 persoas convertéronse en doantes de órganos.

Neste sentido, salientar que Galicia está a participar no Plan poscovid impulsado pola Organización Nacional de Transplantes, que ten por obxectivo reactivar o programa de doazón e transplantes que tan bos resultados está a obter desde o seu inicio e paliar, deste xeito, a repercusión que esta pandemia tivo sobre a evolución do programa transplantatorio.

O obxectivo do Plan poscovid pasa por incrementar, no transcurso dos vindeiros meses, tanto o número de doantes como de transplantes, garantindo a seguridade dos receptores, xa que os doentes transplantados reciben terapia inmunosupresora para evitar o rexeitamento do órgano transplantado, circunstancia que os convirte en especialmente vulnerables ás infeccións en xeral.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA INVESTIRÁ 1,7 MILLÓNS DE EUROS NO BONO CONCILIA PARA AXUDAR ÁS FAMILIAS A PAGAR UNHA PRAZA NUNHA ESCOLA INFANTIL PRIVADA

- *A contía desta axuda oscila entre os 45 e 250 euros mensuais*
- *Para obtelo, débese ter solicitada antes unha praza pública e que ou ben fose denegada, ou ben non se axuste ás necesidades de horario das familias*
- *Irá destinado aos primeiros fillos, xa que os segundos e sucesivos poden acollerse á medida de gratuidade implantada polo Goberno Galego*

O Consello da Xunta vén de autorizar a convocatoria do Bono Concilia correspondente a 2020 na que investirá inicialmente máis de 1,7 M€, ampliable en función das solicitudes presentadas. Esta é unha axuda de entre 45 e 250 euros mensuais para as familias cuxo fillo acuda a unha escola infantil privada, por non ter obtido praza nun centro público. Ademais, é compatible con outras destinadas tamén a pagar a gardería, sempre que non se supere o custo da praza.

O pasado 1 de abril Galicia converteuse na primeira comunidade autónoma en aprobar a gratuidade da educación infantil para os segundos fillos e sucesivos, en todas as escolas. Aínda que a actividade destes centros permanece suspendida desde entón, a decisión de comezar a facelos gratuítos continúa vixente. Ademais de todas as escolas infantís públicas e as de iniciativa social, xa se acolleron a ela máis de 150 escolas infantís privadas.

O feito de que todos os segundos fillos e sucesivos poidan acudir gratis á escola infantil cambia substancialmente o cometido do Bono Concilia. Por iso, neste 2020 o Bono Concilia seguirá en vigor, pero estará destinado aos primeiros fillos. Outra das novidades deste ano é que, para as nenas e nenos que obteñan praza nunha escola infantil pública a partir do 20 de outubro, as familias poderán escoller entre aceptar esa praza ou continuar co Bono.

Para obtelo débese ter pedido antes unha praza pública e que ou ben fose denegada, ou ben non se axuste ás necesidades de horario das familias, porque os dous pais traballan pola tarde ou en quendas rotatorias.

Coa reformulación desta axuda, o Goberno galego segue avanzando para facer de Galicia o mellor lugar para formar unha familia, un obxectivo que pasa necesariamente polo reforzo da conciliación. Por iso, aprobou a gratuidade da educación infantil para os segundos fillos e sucesivos; lanzou un Bono Coidado Extraordinario de 500 euros ao mes para as familias con fillos de ata 12 anos afectados polo peche das escolas infantís e colexios; e desde o ano 2009, duplicou a extensión da rede de prazas públicas en escolas infantís, pasando de 12.500 a 25.000.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA MELLORA A LIQUIDEZ DE AGRICULTORES, GANDEIROS E SILVICULTORES CO ANTICIPO DE ATA O 50% DO IMPORTE DE VARIAS LIÑAS DE AXUDAS SEN NECESIDADE DE ACHEGAR AVAIS BANCARIOS

- *O Consello do Goberno galego aprobou hoxe esta medida, que se publicará proximamente no DOG*
- *A iniciativa forma parte do Plan de liquidez posto en marcha pola Xunta para apoiar ao sector agrario galego e permitirá adiantar uns 18,5 millóns de euros*

Con fin de mellorar a liquidez dos agricultores, gandeiros e silvicultores galegos, a Xunta vén de aprobar o anticipo de ata o 50% do importe de determinadas axudas xestionadas pola Consellería do Medio Rural e cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020. Ata o momento na maioría dos casos os anticipos eran tan só do 10%. Ademais, e como novidade, esta medida porase en marcha sen necesidade de que os beneficiarios de ditas achegas presenten avais das entidades bancarias.

O obxectivo desta medida, aprobada hoxe polo Consello do Goberno galego e que se publicará proximamente no DOG, é facilitar, con carácter inmediato, liquidez ao sector, para que se poidan seguir executando os proxectos apoiados polas subvencións da Consellería. Así, o que se fai é modificar as convocatorias e bases reguladoras de axudas vixentes de Medio Rural, co fin de asegurar a execución das iniciativas subvencionadas. En total, adiantaranse uns 18,5 millóns de euros por este concepto.

Ademais, co mesmo fin de axilizar os trámites, establécese que a execución parcial do proxecto subvencionado, relacionada directa ou indirectamente coa crise da covid-19, non suporá sanción ou penalidade algunha para os beneficiarios das axudas.

Así mesmo, poderanse pagar aqueles gastos incorridos ata o momento de decretarse o estado de alarma, aínda que a actividade para a que foi concedida a axuda non se puidera levar a cabo. Os solicitantes poderán, polo tanto, presentar modificacións dos proxectos presentados e mesmo efectuar a renuncia expresa á axuda, sen que iso derive en sanción ou penalidade algunha.

Tanto o abono do anticipo como a exención da constitución de garantías serán aplicables a unha serie de liñas de subvencións. Son as destinadas á prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais e en Sofor, as convocadas para apoiar investimentos en explotacións agrícolas, agricultores mozos ou pequenas explotacións e as habilitadas para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas especializadas en produción vexetal. Tamén, ás que serven para fomentar as instalacións e equipamentos en común, a



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo e as de transformación e comercialización de produtos agrarios.

Plan de liquidez

Esta medida é o terceiro pilar do Plan de liquidez posto en marcha pola Consellería do Medio Rural, que suporá no seu conxunto adiantar de xeito inmediato o pago de preto de 300 millóns de euros aos produtores do agro galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA PERSONÁSE COMO ACCIÓN POPULAR NO PROCESO POLO CASO DA MORTE POR VIOLENCIA DE XÉNERO REXISTRADO O PASADO FEBREIRO EN LUGO

- *O xulgado que tramita a causa aceptou o personamento da Xunta*
- *Desde o ano 2013, a Administración autonómica personouse en todos os procesos penais en caso de morte por causa de violencia de xénero*

A Vicepresidencia deu hoxe conta ao Consello do personamento da Xunta como acción popular no caso da morte por violencia de xénero rexistrado o pasado febreiro en Lugo. Os letrados presentaron o escrito procesual no xulgado que instrúe a causa, que aceptou o personamento.

No ano 2013, o Consello da Xunta aprobou o protocolo para o exercicio da acción popular por parte da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos procedementos penais en caso de morte por causa de violencia de xénero. Son xa 18 os procedementos nos que se personou o Goberno galego.

No dito acordo, dispónse que os letrados da Xunta de Galicia presentarán, perante o Xulgado de Instrución ou de Vixilancia de Violencia sobre a muller onde se estea a tramitar unha instrución por falecemento por causa de violencia de xénero, un escrito procesual exercendo a acción popular, sempre e cando se conte coa autorización da familia para esta acción.

Con esta iniciativa, a Xunta dá cumprimento ao artigo 30 da Lei 11/2007 galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, como un paso máis na procura da igualdade efectiva entre homes e mulleres, concretamente na loita contra a violencia de xénero, e afianzou o compromiso institucional coa erradicación desta lacra.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA ACTIVA UNHA NOVA ACELERADORA DE PEMES INNOVADORAS ESPECIALIZADA NA COMERCIALIZACIÓN DE SOLUCIÓNS FRONTE Á COVID-19

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria colabora co Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole) na iniciativa Connect-19, na que poderán participar 20 pequenas e medianas empresas que recibirán asesoramento individualizado*
- *Este programa, cun orzamento de preto de 600.000 euros, busca impulsar e fortalecer o acceso ao mercado de solucións innovadoras galegas que contribúan a reducir o impacto social e económico do coronavirus*

A Xunta pon en marcha unha aceleradora de pemes innovadoras especializada na comercialización de solucións fronte á covid-19. Na iniciativa Connect-19 poderán participar 20 pequenas e medianas empresas que recibirán asesoramento individualizado, capacitación comercial e técnica e potenciarán a súa capacidade de captación de financiamento, seguindo unha folla de ruta personalizada enfocada ao fortalecemento do seu acceso ao mercado.

O programa, que tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta se desenvolverá en colaboración co Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole), situado en San Cibrao das Viñas (Ourense), terá unha duración de cinco meses e contará cun orzamento de preto de 600.000 euros. Entre outros aspectos, as pemes participantes recibirán apoio para obter acreditacións de innovación e certificacións referentes ás normas e directivas sanitarias, así como para avanzar na súa comercialización e internacionalización, identificando novos mercados potenciais, e para a captación de socios investidores.

A nova incubadora seguirá a metodoloxía de fortalecemento de capacidades comerciais que xa demostrou resultados nas tres edicións do programa Agrobiotech, que contaron tamén coa colaboración da Tecnópole.

A iniciativa, cuxo prazo de presentación de solicitudes se prevé activar este mes e que permanecerá aberto ata o 10 de xullo, ten como obxectivo impulsar e fortalecer o acceso ao mercado de solucións innovadoras do tecido empresarial galego que poidan contribuír a reducir o impacto social e económico provocado pola covid-19. Poderanse presentar pemes de calquera sector con presenza no mercado e que acheguen solucións de valor engadido con algún factor innovador fronte ao coronavirus, con comercialización inmediata e cun alto potencial de crecemento.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

GALICIA TERÁ COMO FESTIVOS PROPIOS O PRÓXIMO ANO 2021 OS DÍAS DE SAN XOSÉ E AS LETRAS GALEGAS

- *A normativa estatal fixa 14 festivos: 12 marcados polo Estado e dous elixidos polos concellos*
- *Cando un festivo nacional obrigatorio coincide en domingo, cada comunidade pode substituílo por outro día de interese; e en 2021 esta circunstancia prodúcese o 15 de agosto, que se substitúe polo día das Letras Galegas, 17 de maio*
- *Entre os festivos nacionais de carácter opcional, o 25 de xullo, Día Nacional de Galicia, coincide en domingo (Ano Xacobeo), polo que a Comunidade opta por escoller o día de San Xosé, 19 de marzo*

Galicia terá o próximo ano como festivos propios os días de San Xosé (19 de marzo) e das Letras Galegas (17 de maio). Así se establece na proposta de calendario laboral de 2021 que coñeceu hoxe o Consello da Xunta.

A normativa estatal, fixada polo Real Decreto 2001/1983, establece as 14 festas anuais de ámbito nacional non recuperables, remuneradas e de carácter obrigatorio. Destes 14 festivos, dous son elixidos por cada concello. Dos outros 12 restantes, nove son de carácter obrigatorio e non substituíbles a non ser que coincidan en domingo: 1 de xaneiro, Venres Santo (2 de abril en 2021), 1 de maio, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6 de decembro, 8 de decembro e 25 de decembro. No ano 2021 hai un festivo nacional que coincide en domingo: o 15 de agosto (día da Asunción da Virxe), que se substitúe polo 17 de maio, día das Letras Galegas.

Ademais, outros tres festivos de carácter nacional poden ser substituídos polas comunidades autónomas: o 6 de xaneiro, que nunca se cambia, agás que coincida en domingo; o Xoves Santo (que en 2021 se celebrará o 1 de abril), que Galicia non cambia tradicionalmente; e dáselle a opción ás comunidades entre o 19 de marzo e o 25 de xullo. Sempre se elixe o 25 de xullo, xa que é o Día Nacional de Galicia, tal e como quedou establecido polo Decreto 8/1978, do 10 de xullo, pero ao coincidir en 2021 en domingo (Ano Xacobeo), Galicia opta polo día de San Xosé, o 19 de marzo.

Informado o Consello da Xunta, a proposta de calendario laboral para 2021 terá que ser aprobada polo Consello Galego de Relacións Laborais. Posteriormente, cada concello terá que determinar dous días festivos máis para a súa localidade.



Calendario laboral de Galicia para 2021

FESTIVIDADE	DATA	DÍA DA SEMANA
Aninovo	1 de xaneiro	Venres
Epifanía do Señor (Día de Reis)	6 de xaneiro	Mércores
San Xosé	19 de marzo	Venres
Xoves Santo	1 de abril	Xoves
Venres Santo	2 de abril	Venres
Festa do Traballo	1 de maio	Sábado
Día das Letras Galegas	17 de maio	Luns
Festa Nacional de España	12 de outubro	Martes
Día de Todos os Santos	1 de novembro	Luns
Día da Constitución Española	6 de decembro	Luns
Inmaculada Concepción	8 de decembro	Mércores
Nadal	25 de decembro	Sábado

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA IMPULSA UN BONO SOLIDARIO PARA PROFESIONAIS IMPLICADOS NA LOITA CONTRA A COVID-19 CON DESCONTOS DE 250€ EN PRODUCTOS TURÍSTICOS

- *A medida, dotada con 5M€, beneficiará a 20.000 traballadores da sanidade, das residencias de maiores, centros de menores ou de atención á discapacidade*
- *Os beneficiarios disporán dunha tarxeta prepago de Abanca co importe que poderán consumir nos negocios adheridos desde o 15 de xullo e ata o 13 de decembro*
- *As empresas e particulares do sector, así como as axencias de viaxes, ofrecerán paquetes turísticos a prezos reducidos creados especificamente para este programa*
- *Esta iniciativa permitirá inxectar liquidez no sector e fomentar o turismo interno e a recuperación económica, ao tempo que recoñecerá o esforzo dos profesionais*
- *Trátase dun proxecto enmarcado no Plan de reactivación do sector cultural e turístico, que conta cun investimento de 58M€ para o apoio a estas industrias*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a posta en marcha do chamado Bono Solidario, unha iniciativa que porá a disposición de 20.000 profesionais directamente implicados na loita contra a covid-19 descontos de ata 250 euros para o consumo de produtos turísticos na nosa Comunidade. Trátase dunha medida contemplada no Plan de Reactivación dos sectores cultural e turístico, que conta cunha dotación de 5 millóns de euros e que permitirá inxectar liquidez nas empresas do sector, fomentar o turismo interno, incentivar o consumo e impulsar a recuperación da economía e o tecido empresarial, ao tempo que se recoñece o esforzo e dedicación dos profesionais que traballaron en primeira liña na loita contra a covid-19.

O Bono Solidario farase efectivo a través da entrega aos beneficiarios dunha tarxeta prepago da entidade financeira Abanca, seleccionada a través dun proceso de concorrência competitiva, que contará cun importe de 250 euros. A tarxeta, de carácter nominativo, só poderá ser utilizada nos establecementos ou produtos turísticos adheridos a este programa entre o 15 de xullo e o 13 de decembro, co obxectivo de favorecer a recuperación e reactivación do sector turístico de xeito inmediato e ata finais de 2020.

Así pois, esta iniciativa suporá un incentivo para adquisición de viaxes, experiencias e outros produtos do sector por parte dos traballadores beneficiados. En concreto, poderán optar a esta iniciativa uns 20.000 traballadores, tanto persoal funcionario, estatuario ou persoal laboral, fixos ou temporais, que prestasen servizos durante o 15 de marzo e o 15 de xuño no eido da sanidade, as residencias de maiores, centros de menores e de atención á discapacidade.

Produtos con descontos desde o 15%

Os solicitantes poderán financiar a través do Bono Solidario produtos turísticos pensados especificamente para este programa e con descontos con respecto ao seu prezo inicial, que serán ofertados polas empresas do sector turístico participantes. De

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

feito, poderán ofrecer os seus servizos no marco desta iniciativa aqueles aloxamentos turísticos e as axencias de viaxe que desenvolvan as súas actividades en Galicia e estean rexistradas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (Reat). Entre as opcións que poderán ofertar aos beneficiarios destacan produtos como excursións, almozos ou ceas, entre outras experiencias. No caso das axencias de viaxe, crearanse paquetes específicos que poderán estar baseados nos recursos propios do modelo turístico galego, como son a enogastronomía, a natureza ou o patrimonio cultural.

Tanto os paquetes turísticos como os produtos ofertados deberán dispoñer dun desconto mínimo do 15% sobre o prezo ordinario do servizo e cumprir coas medidas hixiénico-sanitarias adecuadas para garantir a máxima seguridade para traballadores e usuarios. Ademais, as empresas que soliciten a súa adhesión ao programa recibirán asesoramento por parte da Xunta e o Clúster de Turismo de Galicia sobre as dúbidas que presenten relacionadas coa operativa do mesmo. Do mesmo xeito, os beneficiarios contarán teléfono de soporte habilitado por Abanca no que se proporcionará información sobre a iniciativa e axuda en caso de perda ou roubo.

Adxudicación por orde de inscrición

Todas aquelas persoas que cumpran os requisitos e desexen formar parte deste proxecto deberán completar un formulario electrónico habilitado na web de Turismo de Galicia. A concesión do Bono Solidario realizarase por orde de inscrición, a través dun proceso de concorrencia non competitiva ata esgotar o crédito dispoñible. Unha vez seleccionados, os beneficiarios poderán consultar os paquetes e servizos á súa disposición na web de Turismo de Galicia e contratalos mediante reserva ou directamente no establecemento adherido, en función da dispoñibilidade.

Esta iniciativa enmárcanse no Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico, cunha dotación global de 58 M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

SANIDADE INICIA A TRAMITACIÓN PARA AXILIZAR AS OBRAS DO PLAN DIRECTOR DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE

- *A construción dun novo edificio de hospitalización e a reforma integral do Hospital Materno-Infantil son prioritarias para manter a calidade asistencial na Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras*
- *A situación actual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ourense impide a obtención da licenza de obra polas vías ordinarias, polo que se tramitará segundo a Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese público*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, informou esta mañá ao Consello da Xunta dos trámites relativos ás obras da reprogramación funcional do Plan Director do Complexo Universitario de Ourense.

Segundo referiu Almuiña, unha vez finalizadas as obras da Fase I, analizáronse as necesidades actuais e aprobouse unha reprogramación do Plan Director do CHUO. Na Fase I desta reprogramación, priorízase a modernización da área de hospitalización e a reforma integral do Hospital materno infantil, dúas actuacións consideradas imprescindibles para manter a calidade asistencial na área sanitaria. Tamén se contempla a creación de nodos verticais de comunicación ou bloques de ascensores no edificio Cristal. O programa de espazos foi consensuado tanto coa dirección como cos profesionais do CHUO implicados na actividade asistencial.

Deste xeito, vaise conseguir unha modernización nas áreas ambulatorias e de hospitalización, así como mellorar a circulación e os accesos. O proxecto ten un orzamento estimado de licitación de 48.581.772 euros para unha superficie de 31.139 metros cadrados.

Para poder acometer estas obras á maior brevidade posible, Sanidade tramitará urbanísticamente a Fase I da reprogramación do Plan Director do CHUO de acordo aos mecanismos previstos na Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese público. Esta situación prodúcese pola imposibilidade de obter unha licenza de xeito ordinario, dada a situación actual do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Ourense. O PXOM vixente data do ano 1986 polo que non recolle a realidade física das edificacións e viais existentes, e non permite actuacións de mellora, ampliación ou actualización do CHUO.

O obxectivo deste procedemento é impulsar as obras da Fase I da reprogramación do Plan Director sen necesidade de esperar a que o Concello realice unha modificación do PXOM.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

SANIDADE INVISTE PRETO DE 19 MILLÓNS DE EUROS PARA MERCAR MATERIAIS DE PROTECCIÓN PARA PROFESIONAIS E PACIENTES FRONTE Á COVID-19

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe este orzamento, a meirande parte do cal vai destinado a máscaras cirúrxicas por valor de 10.218.800 euros*
- *Con esta compra adquírense 46.211.220 luvas, 16.512.000 máscaras cirúrxicas e 1.282.660 batas entre outro material*
- *Ademais vanse dedicar 143.368 euros para material e fármacos na Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras*

O Consello da Xunta vén de aprobar a contratación, polo trámite de emerxencia, de diversos materiais de protección destinados a profesionais e doentes, así como test de detección do virus, para facer fronte á covid-19, por un importe total de 18.898.103 euros.

Este orzamento destínase a adquisición de 16.512.000 máscaras cirúrxicas por valor de 10.218.800 euros; 46.211.220 luvas de exame de nitrilo e vinilo por un importe de 3.992.333 euros; e 1.282.660 batas protectoras dun só uso por valor de 3.972.991 euros. Completan o total da cantidade investida 407.398 euros destinados á adquisición de 125.640 máscaras FFP2/FFP3; 152.000 euros para mercar 20.000 batas reutilizables; 119.580 euros para adquirir 3.900 kits de detección do virus e 35.000 euros para a compra de 10.000 pantallas de protección facial.

O obxecto desta contratación é efectuar unha nova compra de material de protección e de diagnóstico necesarios para o uso polos profesionais e doentes na actual crise sanitaria da covid-19 e tamén para dispoñer dunhas existencias suficientes como stock estratéxico ante un posible repunte da pandemia. Deste xeito, a Xunta blíndase ante posibles variacións no mercado onde a demanda mundial supera á oferta. As medidas de protección establecidas no comercio e outras actividades sociais, ademais da normalización da actividade industrial farán que aumente a demanda destes produtos o que podería producir unha maior escaseza no mercado.

Investimentos en material na Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

Tamén se aprobou polo Consello da Xunta a adquisición de equipamento para a Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras para facer fronte á pandemia pola covid-19. Son concretamente 74.280 euros destinados á compra de 10 carros de curas, 10 carros de medicación, dous frigoríficos de conservación de mostras e reactivos, sete colchóns antiescaras, unha grúa de mobilización de pacientes e unha padiola de cintas, entre outro material.



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Ademais desta contratación, tamén se autorizou un orzamento de 69.088 euros para a área sanitaria ourensá destinado á adquisición de medicamentos considerados indispensables para a abordaxe da pandemia da covid-19.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

SANIDADE AMPLÍA A ÁREA DE URXENCIAS DO CHUS CUN INVESTIMENTO DE 1,3 MILLÓNS DE EUROS PARA ADAPTARSE AOS CIRCUITOS DIFERENCIADOS NA ATENCIÓN Á COVID

- *A necesidade de adecuar os servizos por mor da pandemia fixo que tiveran que crearse circuitos estruturais diferenciados o que afectou ao espazo útil en urxencias*
- *A reforma a realizar vai dotar a área dunha sala de observación con 40 camas novas, así como control de enfermería e zona de traballo de médicos entre outros*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a contratación da ampliación da área de urxencias do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela por un importe de 1.330.815 euros e cunha construción de 655,20 metros cadrados, prolongándose a área de urxencias na cuberta plana do propio hospital.

A necesidade de adecuar os servizos por mor da pandemia fixo que tiveran que crearse circuitos diferenciados, de tal xeito que actualmente se dividen, tanto estruturalmente como a nivel asistencial, en pacientes xerais e pacientes con criterios de sospeita de infección pola covid-19.

Esta nova división foi en detrimento do espazo útil da Área de Urgencia polo que resulta absolutamente imprescindible e urxente realizar unha serie de cambios estruturais a fin de garantir a súa capacidade de resposta ante incrementos importantes e rápidos da transmisión e o conseguinte aumento no número de casos.

Así vaise crear unha sala de observación con 40 camas, que tamén contará cun control, unha zona de farmacia-preparación, almacén e aseos para os doentes, así como áreas de limpo e sucio e zonas de descanso para persoal. Ademais vaise construír unha área de apoio que terá unha sala de traballo médico, aseos e vestiarios para o personal e un almacén xeral.

O prazo de execución destas obras é de 3 meses.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA INCLÚE NO PLAN DE RECUPERACIÓN SOCIAL DE GALICIA NOVAS MEDIDAS CENTRADAS NA INFANCIA E XUVENTUDE CUN INVESTIMENTO DE 3M€

- *Entre as accións destinadas ás nenas e nenos máis desprotexidos salienta a ampliación dos horarios dos Puntos de Encontro Familiar (PEF) ata os sete días da semana*
- *Mellórase o financiamento dos centros de menores e créanse dous novos para acollimento adaptados ás circunstancias da covid-19*
- *Ponse en marcha un centro de día itinerante para concellos onde non existan servizos de atención para os menores vulnerables*
- *Incrementábase nun 25% a remuneración das familias de acollida para facer fronte aos gastos adicionais que tiveron durante o estado de alarma*
- *No ámbito xuvenil, as rapazas e rapaces terán á súa disposición unha oficina virtual de asesoramento en materia de formación, emprego ou vivenda*
- *Reforzaranse os cursos online de educación non formal e habilitarase a opción da modalidade combinada (online máis presencial) nos cursos de monitor e director de actividades de tempo libre, e director de campos de voluntariado*

O Consello da Xunta deu luz verde ao segundo bloque de medidas do Plan de recuperación social de Galicia, con 13 iniciativas centradas especialmente na infancia e na xuventude e que no seu conxunto supoñen máis de 3 millóns de euros. O obxectivo destas novas medidas, que beneficiarán a uns 30.000 galegas e galegos, é que as nenas e nenos máis vulnerables e a mocidade en xeral non vexan lastradas as súas oportunidades logo da emerxencia sanitaria causada pola covid-19.

Deste novo paquete de iniciativas que incorpora o Plan, sete están destinadas aos menores máis desprotexidos, algunhas das cales xa se puxeron en marcha durante a pandemia. A primeira das medidas consiste na ampliación do horario de apertura dos Puntos de Encontro Familiar (PEF) aos sete días da semana. Co reforzo destes servizos, nos que se realizan visitas e intercambios de menores tutelados ou con pais separados, procúrase dar cobertura ás novas situacións de desaxuste familiar que se poden derivar desta crise.

A segunda medida deste bloque é a mellora do financiamento dos centros de menores de iniciativa social, para que as entidades que os xestionan poidan afrontar as necesidades adicionais do persoal durante o confinamento e compensar aos seus traballadores polo esforzo que realizaron.

Nesta liña, e como terceira medida, enmárcase a creación de dous novos centros de acollimento de menores adaptados ás circunstancias da covid-19: un para mozas e mozos tutelados recentemente e nos que non exista confirmación sobre se son ou non positivos; e outro para casos posibles ou confirmados de coronavirus, para garantir a súa protección durante a doenza. Tamén se crea un servizo de orientación e apoio

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

psicológico destinado tanto ás rapazas e rapaces, como ao persoal dos centros de menores.

Centro de día itinerante

En quinto lugar, ponse en marcha un centro de día itinerante, con profesionais que se desprazarán aos concellos onde non existan servizos de atención para os menores vulnerables. Como sexta medida, lánzase, en colaboración coas entidades sociais, un servizo de ocio, apoio e reforzo para nenas e nenos en risco de exclusión das sete principais cidades de Galicia, que funcionará en grupos pequenos de ata sete cativos.

A sétima medida será conceder ás familias que teñen un menor de acollida unha compensación polos gastos adicionais que tiveron durante o estado de alarma. Isto supón para 730 familias de toda Galicia un incremento da súa remuneración do 25%, é dicir, entre 70 e 150 euros ao mes desde mediados de marzo ata mediados deste mes de xuño.

O segundo bloque de accións que se incorporan ao Plan de recuperación social de Galicia tamén pon o acento na mozas e mozos, co fin de responder ás súas inquiredanzas e axudalos a adaptarse ás novas características do mundo poscovid-19. Entre estas salienta a posta en funcionamento dunha oficina virtual de asesoramento xuvenil, con profesionais que darán resposta ás inquiredanzas en materia de formación, emprego ou vivenda. Tamén orientarán sobre as diferentes liñas de apoio dirixidas ás galegas e galegos máis novos.

Formación online

Apóstase tamén polos cursos online de educación non formal e habilitarase unha plataforma que centralice os contidos ofrecidos pola Xunta, como congresos dixitais, obradoiros ou charlas sobre empregabilidade.

Ademais, crearanse uns premios de acción voluntaria para dar a coñecer e poñer en valor todas as actuacións que se desenvolven neste ámbito en Galicia, especialmente durante a pandemia. Así mesmo, habilitarase a opción da modalidade combinada online e presencial nos cursos de monitor e director de actividades de tempo libre, e de director de campos de voluntariado.

Outra das iniciativas do Plan xorde da necesidade de ofrecer un consultorio especializado para a poboación adolescente e xuvenil, reforzando a atención sobre as problemáticas derivadas desta pandemia, a través de ferramentas como o servizo Quérote+.

E por último, porase en marcha o programa *Apadriña residencia*, para que as voluntarias e voluntarios poidan gravar vídeos para os residentes destes centros, con mensaxes de ánimo, lecturas de libros ou calquera outra acción de apoio.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

OS TRES PRIMEIROS PROXECTOS TRACTORES DA XUNTA PARA REACTIVAR A ECONOMÍA PERMITIRÁN CREAR CASE 1.700 EMPREGOS DIRECTOS CUN INVESTIMENTO DE CASE 1.300 MILLÓNS DE EUROS NA NOSA COMUNIDADE

- *Un dos proxectos avaliados é a creación dun Centro de impulso da economía circular co que se pretende producir biogás e fertilizantes de alto valor engadido apostando pola reciclaxe de xurros, plástico e téxtil, entre outros*
- *A segunda iniciativa dirixirase á produción sostible de fibra forestal co obxecto de impulsar a biodiversidade do monte e pechar o círculo do aproveitamento da madeira*
- *O terceiro dos proxectos, cun investimento próximo aos 65M€, consistiría na instalación dunha planta de produción de hidróxeno verde, pioneira en Europa, de 50MW ampliables a 100MW*
- *O desenvolvemento destas iniciativas precisará de mecanismos facilitadores en termos de axilidade administrativa e de financiamento, para o que se recorrerá ao investimento público-privado e a fondos europeos*
- *Con estes proxectos Galicia sitúase á vangarda, xerando produtos dun alto valor engadido cun concepto claro da circularidade, da sustentabilidade e do aproveitamento dos recursos naturais galegos*

O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe para a posta en marcha dos tres primeiros proxectos tractores para reactivar a economía galega tras a emerxencia sanitaria que permitirán crear arredor de 1.700 empregos directos na nosa Comunidade grazas a un investimento aproximado de 1.300 millóns de euros. Así, tras a consulta ao Comité de expertos económicos, o Goberno galego traballa na posibilidade de poñer en marcha estas tres iniciativas que serán claves na transición cara á sustentabilidade e competitividade do tecido produtivo.

As tres propostas, deseñadas no marco da Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3) e que encaixan tamén no Pacto verde europeo, teñen o obxectivo de redefinir as cadeas de valor de sectores tractores na economía galega, aumentar a competitividade de produtos e tecnoloxías a través da I+D+i e a dixitalización, e atraer novos investimentos.

O desenvolvemento destas iniciativas precisará de mecanismos facilitadores en termos de axilidade administrativa e de financiamento, para o que se recorrerá ao investimento público-privado. Por un lado, a través de fondos europeos de programas como o *European Green Deal*, o *Fondo Next Generation* ou a través dunha financiación multilateral de distintas institucións europeas como o Banco Europeo de Investimentos. Ademais, desde a Xunta, deseñarase unha liña de medidas de apoio ao investimento e o desenvolvemento da I+D+i que se definirá nos orzamentos de 2021.

Centro para o impulso da economía circular

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O primeiro proxecto tractor, no que se investirían aproximadamente 525 millóns de euros e que suporá a creación de 820 empregos directos, consiste na implantación dun Centro para o impulso da economía circular, co obxectivo de asegurar este principio na xestión de residuos para a súa transformación e valorización en produtos de máxima calidade. Ademais, permitirá axudar a que Galicia cumpra cos obxectivos marcados pola Unión Europea para 2030, no que respecta á reciclaxe de residuos.

No centro trataríanse arredor de dous millóns de toneladas de residuos ao ano, entre puríns, plásticos e residuos industriais orgánicos, lixo mariño e residuos téxtiles. Como produtos finais obteríase biogás e fertilizantes da máxima calidade, estes últimos terían como principal destinatario ao sector primario galego. Dos residuos plásticos e téxtiles tamén se obtería material reciclado que se incorporaría como materia prima a outros procesos industriais, situando a Galicia á cabeza das rexións europeas na reciclaxe de residuos.

Produción sustentable de fibra forestal

Doutra banda, o segundo proxecto tractor está centrado na produción sostible de fibra forestal, coa finalidade de impulsar a biodiversidade e pechar o círculo do aproveitamento da madeira. Para iso, propónse a creación dun centro de fabricación de fibras téxtiles sostibles a partir da celulosa soluble da madeira, que permita diversificar un sector estratéxico para Galicia. A sostibilidade vén da man da biodiversidade dos montes galegos, xa que o centro empregará madeira de eucalipto e de piñeiro, do impulso á certificación forestal e da proximidade do recurso natural ao centro de produción. Tamén polo feito de que a planta de produción utilizaría a mellor tecnoloxía que se adapte á sostibilidade cos máximos requirimentos técnicos (BAT), xerando un ecosistema de empresas de alto compoñente tecnolóxico de referencia internacional para a fabricación e innovación de fibras de celulosa sostible.

A posta en marcha desta planta de produción suporá un investimento aproximado de arredor de 700 millóns de euros e conlevaría a creación duns 800 novos postos de traballo directos.

Cabe destacar que as fibras que se pretenden producir con este proxecto teñen a súa procedencia en celulosa sustentable da madeira e noutras orixes alternativas, como son os residuos biolóxicos de alimentación, agrícola ou forestal, así como os procedentes do reciclaxe de material téxtil. Este proceso tería unha captación de entre 25.000 e 45.000 toneladas de CO₂ e un consumo de arredor de 1,5 millóns de metros cúbicos de madeira por ano, ademais de permitir unha xestión forestal sostible de entre 100.000 e 150.000 hectáreas de monte con biodiversidade, xerando unhas 250.000 toneladas de fibra de celulosa sostible anuais.

Hidróxeno verde

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O terceiro dos proxectos, cun investimento próximo aos 65M€, consistiría na instalación dunha planta de produción de hidróxeno verde por electrólises de 50MW ampliáveis ata os 100M€, para o seu uso na industria, na mobilidade e para a súa inxección na rede galega de gasodutos. Trátase dunha iniciativa, pioneira en Europa, que permitirá incrementar a capacidade de xeración renovable en Galicia e impulsar a descarbonización eficiente da industria galega. De feito, con esta actuación produciríanse 5.100 toneladas anuais de hidróxeno que poderían abastecer unha frota de 630 camións de pila de combustible, durante un ano, e reducir as emisións equivalentes a plantar máis de 2 millóns de árbores.

Este proxecto, que comportaría a creación de 50 postos de traballo directos, contribuirá a converter Galicia nun referente no ámbito da transición enerxética e aproveitar o incremento da xeración de renovables no horizonte 2030. Cómpre sinalar que vai supoñer un revulsivo na Axenda Galega de Transición Enerxética, que fixa entre os seus obxectivos para 2030 que as enerxías renovables representen o 75% sobre o consumo final, e que o 100% da xeración eléctrica proveña de enerxías renovables. Polo tanto, faise necesario incrementar a capacidade de Galicia para xerar enerxías limpas e, nese sentido, o hidróxeno pode dar resposta e soporte porque, entre outros usos, pode empregarse para almacenar o excedente de renovables, favorecendo a súa xestión.

En resumo, a Xunta toma a iniciativa coa posta en marcha destes tres proxectos totalmente incardinados entre si na aposta pola Galicia Verde, xa que pretenden crear produtos dun alto valor engadido cun concepto claro de circularidade, da sustentabilidade e do aproveitamento dos recursos naturais galegos.